

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:** Ordinaria

**Data:** 25 de abril de 2024

**Duración:** Dende as 20:00 até as 21:44

**Lugar:** SALÓN DE PLENOS

**Presidida por:** MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

**Secretaria:** CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



<b>Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, celebrada o día 29 de febreiro de 2024.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

Polo Sr. Alcalde sométense a aprobación a acta da sesión anterior, celebrada o día 29 de febreiro de 2024. Non presentándose observación algunha á mesma, resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

<b>Expediente 187/2024. Dación de conta da aprobación do Plan Anual de Control Financieiro do exercicio económico 2023.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta ó Pleno da Corporación da aprobación do Plan Anual de Control Financieiro do exercicio económico 2023. A Corporación dase por enteirada.

<b>Expediente 185/2024. Aprobación do Orzamento Xeral 2024.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### **FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

Confeccionado o orzamento desta entidade para o exercicio 2024, tendo en conta que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que ordenan os artigos 165 a 168 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e concordantes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Vista a proposta de resolución PR/2024/20 de 15 de abril de 2024, pola Comisión Especial de Contas propónse ao Pleno da Corporación, de acordo co previsto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o orzamento do Concello de Outes para o exercicio 2024 e as súas bases de execución, cun importe total no estado de ingresos de **6.145.767,36 €**, e no estado de gastos de **6.145.767,36 €**, co detalle por capítulos que de seguido se relaciona:



**ESTADO DE GASTOS**
**A) OPERACIÓNS CORRENTES**

<b>Cap. 1.</b> Gastos de persoal	2.844.274,50
<b>Cap. 2.</b> Gastos correntes en bens e servizos	2.437.186,13
<b>Cap. 3.</b> Gastos financeiros	1.000,00
<b>Cap. 4.</b> Transferencias correntes	235.465,41
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
<b>Cap. 6.</b> Investimentos reais	622.841,32
<b>Cap. 7.</b> Transferencias de capital	0,00
<b>Cap. 8.</b> Activos financeiros	5.000,00
<b>Cap. 9.</b> Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>6.145.767,36</b>

**ESTADO DE INGRESOS**
**A) OPERACIÓNS CORRENTES**

<b>Cap. 1.</b> Impostos directos	1.387.500,00
<b>Cap. 2.</b> Impostos indirectos	90.000,00
<b>Cap. 3.</b> Taxas e outros ingresos	841.800,00
<b>Cap. 4.</b> Transferencias correntes	3.392.364,59
<b>Cap. 5.</b> Ingresos patrimoniais	158.118,41
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
<b>Cap. 6.</b> Alleamento de investimentos reais	0,00
<b>Cap. 7.</b> Transferencias de capital	270.984,36
<b>Cap. 8.</b> Activos financeiros	5.000,00
<b>Cap. 9.</b> Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>6.145.767,36</b>

**SEGUNDO.** Aprobar o cadro de persoal da Corporación para o ano 2024.

**TERCEIRO.** Aprobar o teito de gasto non financeiro en cumprimento do artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no importe de 6.158.810,42 €.

**CUARTO.** Anular as modificacións de crédito seguintes: xeración de crédito 2/2024 (expt.131/2024) e xeración de crédito 3/2024 (expt. 198/2024); transferencia de crédito 1/2024 (expt.115/2024) e transferencia de crédito 2/2024 PEL (expt.251/2024), por estaren incluídas xa no orzamento que se somete a aprobación.



**QUINTO.** Aprobar a masa salarial do persoal laboral, fixada no importe de 1.132.751,92 €.

Abre a **quenda de intervencións** o Sr. Alcalde, quen explica o Proxecto de Orzamento para o exercicio 2024, sinalando que se trata dun proxecto que pretende a prestación de servizos municipais de forma razoable e equilibrada dende o punto de vista económico-financieiro, a fin de poder desenvolver a actividade propia do Concello con normalidade.

O Orzamento ascende a algo mais de 6.145.000 euros, un 0,6% mais respecto ós Orzamentos actualmente vixentes. O gasto principal, como vén sendo habitual, é o gasto de persoal, que supón ó redor do 45% do total, e experimentou unha suba importante debido, por unha banda, á actualización do salario dos traballadores segundo as previsións de subida do IPC, e, por outra, pola posta en marcha de novos servizos como a Escola Infantil Municipal.

A segunda partida en importancia é o Gasto corrente en bens e servizos, da que destaca o incremento destinado a Servizos Sociais polo novo servizo de Axuda no Fogar, así como o incremento nas Áreas de Deporte, Cultura e Educación e no funcionamento dos servizos básicos municipais, a fin de adaptarse ós novos custos da vida, servizos e subministros.

Salienta, igualmente, a dotación no Capítulo 4 de Transferencias Correntes de axudas e apoio económico á entidades culturais e deportivas.

Finalmente, no tocante ó Capítulo 6, correspondente ós Investimentos, sinala que se trata de previsións iniciais, e que os investimentos a executar por parte do Concello no 2024 serán superiores, dado que hai unha serie de partidas, como o Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña, que están pendentes de incorporarse ós Orzamentos.

De seguido, o Sr. Alcalde concede o uso da palabra á Sra. Voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal, quen realiza a seguinte intervención:

Para empezar, dende o noso Grupo, quixéramos agradecer o esforzo e dedicación de todos os traballadores do Concello que estiveron implicados na formación deste documento.

A nos parécenos que o Orzamento Anual do Concello é o documento mais importante en canto a xestión municipal se refire, porque como dixemos en innumerables ocasións, é o que, de levar unha xestión económica controlada e ordeada, debe servir de base a



todos os demais aspectos da vida municipal. Un dos principios que rixe neste Documento é o da coincidencia coa anualidade en curso, para poder traballar en tempo real, dando resposta as necesidades do momento. Pois a vostedes, ese principio non lles debe parecer boa idea, porque no pasado mandato non foron capaces de presentar o Orzamento Municipal en tempo e forma para poder comezar cada ano con un Orzamento correspondente ao mesmo, dos 4 orzamentos que lles tocaba confeccionar soamente fixeron 2. E neste presente mandato seguen na mesma liña, e eso a pesar de que as condicións políticas e técnicas, esas que decía o Sr. Alcalde que non se daban no pasado para confeccionar o Orzamento, agora cambiaron e conta vostede coa compañía e axuda dos seus socios de goberno, que según o manifestado na toma de posesión viñan a mellorar o Goberno, literalmente “Queremos continuar co bo e mellorar o resto das accións de goberno e, incluso, aumentalas, non podemos caer exclusivamente na xestión do día a día, ....un goberno ten que mirar máis alá pese as dificultades para atender as demandas dos veciños” decía o Sr, Nuñez no Pleno de toma de posesión, e alí lle quedou dito demostrando, unha vez máis, que é moito mais doado dicir que facer.

Dende o mes de abril do ano 2022, este Concello está xestionando a súa economía cun Orzamento, prorrogado en dúas ocasións, aprobado gracias a unha Cuestión de Confianza presentada polo Goberno naquel momento, confianza que non lle concedemos nin o noso Grupo nin tampouco os outros dous que hoxe ten como socios. Non fai falta dicirlle que hoxe en día nos seguimos sen ter confianza en vostede, os outros grupos parece ser que sí eles saberán por qué.

Meténdonos no documento en sí, quixéramos facer varios comentarios ao respecto:

1º Este é un Orzamento que nace diminuído en fondos. No que vai de ano trouxeron a este Pleno para a súa aprobación catro RECs por valor de 672.440,33 € , sendo o pago destes cartos a cargo das correspondentes partidas do Orzamento deste ano. Ata o de agora, deses 672.440,33 € e certo que 226.914,33 € son facturas do ano 23 que se rexistraron no Concello no ano 24, moitas delas con data de emisión de principios e mediados de ano pero que “curiosamente” os seus titulares non rexistraron ata o ano seguinte, non sabemos cantas facturas mais deste tipo poden ser recollidas en sucesivos RECs.

O que sí sabemos polos RECs xa executados e polo Informe de Intervención de Control Previo á Aprobación do Orzamento, é que de ata o de agora 480.134,45 € deses cartos son facturas que vostedes foron acumulando e non pagaron na anualidade que lle correspondía (incluso algunha do ano 20) e que aínda faltan por saldar 222.201,54 € mais dos que falábamos, sendo o resultado do seu proceder que agora as partidas relativas a esas facturas vense minoradas nesa cantidade, e a dispoñibilidade de cartos para gastar en necesidades deste ano diminúe do mesmo xeito, polo que esas



partidas, previsiblemente, esgotarase antes, se non o están xa. A vostedes esto, pode parecerlles pouco, pero contando unicamente co que vostedes deixaron sen pagar de facturas que xa estaban no Concello no ano 23 que según informe de intervención ascende a 702.335,99 € , esa cantidade representa un 11,42% do valor total do Orzamento, e dicir que este xa nace a principios de ano, co 11,42% gastado. Pódese ver que non pagar en tempo e forma ademais do perxuício e trastorno para os provedores que non cobran, tamén ten estas outras consecuencias.

No Pleno de marzo do ano 22 cando vostedes presentaron o Orzamento para ese ano, o noso Grupo fíxolle notar a necesidade de saldar o importe de mais de 45.000 € das taxas da Deputación en concepto de recadación do IBI do ano 2019, xa que non consignaban ningún crédito para atender ese gasto, agora encontrámonos coa sorpresa de que este ano tampouco o fixeron, cuestión da que se advirte nos Informes de Intervención. Aínda que sabemos que este importe non está pendente de pago porque a mesma Deputación o detrae do que debe ingresar ao Concello polo cobro do IBI, sí que se ten que imputar ao orzamento, para que este reflexe un correcto estado de gastos e ingresos, xa que de outra maneira o que están a facer é minorar artificialmente o estado de gastos.

2º No tocante ao Capítulo 6 de Investimentos, mais do mesmo. Dos 351.856,96 € que vostedes consignan como investimentos financiados con recursos propios 120.890,89 € correspóndense con gastos executados en anos anteriores e pagados a cargo de Orzamento deste ano, polo que os únicos fondos propios que adican a investimentos a executar neste ano son 230.966,07 €.

Partindo da base de que xa no orzamento co que veñen xestionando dende abril do 22 ata agora o destinado a investimentos con fondos propios era moi exíguo, agora encontrámonos con que:

- No último orzamento consignaban 57.496,00 € para actuacións de reposición na rede de abastecemento e saneamento, neste báixano a 25.000,00 € o que representa unha baixa do 56%.
- O mantemento de espazos de lecer e paseos redúcese en nada menos que un 69% de 39.000 € a 12.000 €.
- Os investimentos en edificios educativos nun 82%, de 35.000 € a 6.000 €,
- En edificios culturais baixan un 55% de 45.000 € a 20.000 €.
- Para o acondicionamento de camiños veciñais no anterior orzamento, adicaban 100.000 € e debe ser que lles parece que agora están moito mellor e xa non fai falta invertir neles, porque baixaron un 45%, ata 55.000,00 € para atender mais de 700 km. de



camiños e estradas municipais de titularidade municipal.

Votamos en falta investimentos con nome concreto financiados con fondos propios, fáltanos ver actuacións que teñan que ver coa vivenda, coa posta en valor dos nosos montes,..... En fin, semella un Orzamento sen concreción.

3º En canto ao recollido nas Bases do Orzamento, chámamos a atención o cambio que fixeron na tramitación dos contratos menores, elevando a contía de 3.000 € establecida ata o de agora ata os 6.000 € para aqueles contratos para os que non é precisa unha resolución da alcaldía previa á súa aprobación senón que a alcaldía autoriza o gasto sen resolución. A nos parécenos que, con esta tramitación, non ditando un Decreto previo a este tipo de contratos, diminúe considerablemente a transparencia na contratación, xa que ata o de agora sabíamos polo Decreto do alcalde dos contratos menores de contía maior a 3000€, que se aprobaran, con este cambio que introducen nas Bases unicamente saberemos daqueles con contía superior a 6000€ ata que non estea xa a obra feita e todo tramitado.

O que sí nos parece ben do que se recolle na Base 38 é que inclúan como preceptor nas subvencións nominativas a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Outes, pois non cabe dúbida de que durante todo o ano as persoas pertencentes a este grupo realizan altruísticamente infinidade de tarefas de utilidade pública e fin social. Aproveitamos para manifestar dende aquí o noso recoñecemento aos voluntarios de Protección Civil de Outes.

4º Xa no apartado de gastos de persoal queremos destacar que por fin, con este documento, podemos coñecer unha parte da consulta feita por este grupo sobre a comparativa en custe total con seguridade social a cargo do Concello incluída, entre este Goberno e os de anteriores mandatos. O día 6 de agosto do ano pasado rexistramos unha petición de información sobre este asunto ao actual Goberno, ese que se ten a si mesmo por moi transparente, o que fai é que tanto a isto como a outras cousas non nos contestaron nunca. Non facilitar a información demandada pola oposición é o que entende por transparencia este Goberno. Agora, como decía antes coñecemos unha parte da información demandada polo noso Grupo, este é que despois da prevista suba do 2% nos salarios, as retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial incluíndo a Seguridade Social a cargo do Concello alcanzan para o ano 2024 a cifra de 182.091,60. Aproveito a ocasión para decirlles que estamos a espera de recibir esta e mais outras informacións solicitadas ao Goberno Municipal e que nunca nos fixeron chegar.

5º Queremos falar tamén do Estado de Ingresos que vostedes consignan, utilizando previsións basadas sempre en dereitos máximos, en algúns casos moi por encima dos dereitos recoñecidos no ano 2023, por exemplo polo imposto de construcións no ano pasado recoñecéronse dereitos por valor de pouco mais de 23.000 € cando estaban



previstos 90.000 € e na mesma casilla, neste Orzamento volven a consignar 90.000 € sen ter en conta a realidade da recaudación, o mesmo pasa coa taxa de abastecemento de auga que semella inflarse en mais de 63.000 € con respecto ao recaudado no ano anterior, tamén suben 34.541€ as previsións do que se ingresaría polos prezos públicos dos servizos deportivos e das actividades culturais, xa que según as súas manifestacións pretenden subir todos eses prezos, pero o certo é que de momento non fixeron o cambio pertinente nas ordenanzas correspondentes para cobrar mais por eses servizos, e que eso require dun proceso de exposicións que leva o seu tempo, e estando a un mes da metade do ano, a efectividade desa suba en canto aos ingresos non afectaría mais que a unha parte do ano,

No que se refire a participación nos Tributos Xerais do Estado, a recomendación de Intervención é que mentres non se aprobe unha norma de rango equivalente aos Presupostos Xerais do Estado (porque estes este ano parece que non van ser confeccionados polo Goberno Central) e nesa Norma decía, se acorde a determinación do importe da participación nestes tributos para o ano vixente, deberíase proceder a unha retención de crédito para non dispoñibilidade. Non sabemos se pensan seguir esa recomendación ou non.

Sr. Alcalde, gustaríanos recordarlle o que advirte Intervención nos seus Informes, sobre que é necesario que o equilibrio orzamentario vaia mais alá da pura formalidade e se instale na realidade, porque do contrario, inflando os datos reais de recadación iríamos camiño de datos negativos na liquidación. Se a esa circunstancia lle añadimos a pouca contención no gasto, o abuso da externalización de servizos e traballos que poderían asumirse con recursos propios de maneira mais económica, pois aínda peor. Esta deriva negativa que leva a economía municipal todos imaxinamos onde pode acabar, na suba de impostos aos veciños ou no endebedamento con entidades financeiras, ou quizás nas dúas cousas á vez.

6º Quixéramos recordarlle, con respecto á execución deste Orzamento, que a Comisión Europea informou que no ano 2024 producirase a reactivación das Regras Fiscais e iso significa que xa non haberá carta branca para o gasto, como sucedeu dende o 2020 cando estas se suspenderon, isto impactará sobretodo no gasto que pretendan financiar con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (se é que a estas alturas quedara algo do mesmo).

Con relación ao antedito, no Informe de Intervención sobre a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade, advírtese de que debe levarse un seguimento continuo do cumprimento das regras, facendo fincapé na incorporación de remanentes de crédito a financiar co Remanente de Tesourería e mais en que non deben comprometerse gastos sen a debida cobertura orzamentaria, tal e como veñen facendo vostedes frecuentemente al longo dos seus mandatos.





Sr. Alcalde, no pasado mandato os seus socios actuais decíanlle moitas veces que observara as recomendacións feitas por Intervención, agora que “cambiou o contexto” non sei se llo seguirán decindo. Nos sí que llo volvemos a decir: sexan rigurosos e prudentes nos gastos, o que non quere decir de ningún modo que non empreguen os cartos en actuacións en beneficio dos veciños, pero sempre observando as normativas e as leis ás que están sometidos como xestores dos cartos dos veciños de Outes. Quixéramos recordarlles tamén que de pouco vale ter un Orzamento Municipal se este non é o documento fundamental no que se base toda a operativa municipal.

Xa para finalizar podemos resumir que este Orzamento que hoxe traen para a súa aprobación en comparación cos anteriores é no que os veciños van recibir menos investimentos dos que disfrutar e no que mais lles vai custar o mantemento económico do Grupo de Goberno.

Por todas estas cuestións que vimos de expoñer temos moitas dúbidas con respecto a que este sexa o Orzamento mais axeitado para xestionar os cartos e o os intereses dos veciños de Outes.”

De seguido, o Sr. Alcalde concede o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Anxo Núñez Fernández, quen sinala que o Goberno de Outes trae a aprobación os primeiros Orzamentos para o presente mandato, o que non só implica unha estabilidade e previsión ás accións e iniciativas do noso Concello, senón que tamén amosa que hai proxecto, hai bo entendemento, hai ilusión e hai confianza neste Goberno. Sinala que o Orzamento é realista, que atende ás necesidades do Concello e que tenta de administrar os recursos da mellor maneira posible.

Centrándose nas Área de Cultura, Festas, Xuventude, Turismo, e Patrimonio, salienta que se vai a reforzar o traballo man a man co tecido asociativo municipal e comisións de festas, e facilitar o máximo posible o traballo voluntario da veciñanza.

Na Área de Comunicación coa Cidadanía, sinala que se vai a levar adiante a publicación dunha nova aplicación de información para mellorar a comunicación directa coa veciñanza, así como o deseño dunha nova web municipal, posto que a actual está anticuada e precisa melloras a fin de facilitar a información e transparencia a toda a veciñanza.

Nos Orzamentos imos destinar 164.000 euros en promoción cultural, 96.000 euros en festas, e 43.000 euros en turismo e patrimonio, e imos facer un gran esforzo para ampliar a oferta cultural e festiva no noso Concello en todos os aspectos. Medran os investimentos nestas Áreas xustamente para mellorar tamén a oferta que desfruta a nosa veciñanza, e que tamén xera un impacto económico positivo para os negocios do noso Concello. Queremos garantir unha axenda cultural ampla, para todos os gustos, e



traballar por un turismo sostible e de calidade que revirta economicamente no sector servizos do Concello na maior medida posible.

Salienta que se está a facer un esforzo en buscar fondos de outras Administracións e administrar os recursos económicos da mellor maneira posible, para aumentar os investimentos sen que ir en detrimento en outras cuestións. Prevese un incremento de ingresos con iniciativas como a licitación de barras e polbeiras nos eventos municipais.

Estamos poñendo os cements deste mandato e sabemos que Outes vai no bo camiño, imos mais alá, e avanzamos, pese a quen lle pese.

Na súa quenda de réplica, intervén novamente o Sr. Alcalde, para matizar e comentar algunhas das cuestións apuntadas por parte do Grupo do Partido Popular. Di a Sra. Molinos que non presentamos os Orzamentos en tempo e forma, e que estamos traballando con Orzamentos prorrogados. Como se soe decir, nin tan mal, pois botamos un ollo ó noso redor, vostede ese comentario tamén llo tería que decir ós seus compañeiros de Noia, Porto do Son, Lousame ou Muros. Aínda que todos sabemos as circunstancias que se tiveron, e o feito de que houbo eleccións o ano pasado, agardamos que haxa un cambio cualitativo á hora de presentar en tempo e forma os Orzamentos, pois as circunstancias políticas tamén mudaron.

Apuntaba vostede que o Orzamento incorpora facturas pendentes de exercicios anteriores, e que consumirán gasto de este ano... igual que o do 2022 tivo que atender gastos do ano anterior. Esta circunstancia tívose en conta á hora de elaborar o proxecto de orzamento.

No Capítulo de Investimentos, apunta que, efectivamente, hai unha redución de contía, pois a capacidade do Concello para atender estes gastos é limitada, e debe darse prioridade á atención do gasto corrente. No ano 2022 produciuse un incremento de ingresos debido á regularización do IBI, que permitiu acometer un maior gasto en materia de investimentos.

En resposta ó comentario da Sra. Molinos de que non se están a ter en conta os datos da última liquidación de ingresos para a elaboración do orzamento, apunta que, cando comezou o seu mandato no ano 2019, tiñan uns orzamentos nos que os ingresos previstos por IBI eran de 950.000 euros, cando resultaba que se ingresaban 700.000 euros por dito concepto. Ese ano houbo un descuadre de 250.000 euros, o mais importante que viu nos últimos anos en canto a ingresos.

Sinala tamén, respecto ó descenso dos investimentos educativos, que dita redución débese a que no anterior Orzamento preveuse unha partida importante para a posta en marcha da Escola Infantil, que agora está funcionando con 40 prazas. O mesmo ocorre na Área de Cultura, na que no anterior orzamento se contemplou crédito para acometer



a parte que nos correspondía das obras da dotación do espazo museístico da carpintería de ribeira, o primeiro espazo museístico que temos en Outes, e que actualmente tamén está en funcionamento.

Respecto a que a partir de este momento aqueles contratos que non superen os 6.000 euros non precisarán de Resolución de Alcaldía, sinala que esta medida impleméntase para facer mais rápida e eficiente a xestión municipal, e sinala que xa hai tempo que se incorporou a práctica da previa autorización contable do gasto.

Engade que por primeira vez se contempla unha subvención á Agrupación de Voluntarios, cousa que ó Partido Popular nunca se lle acordou nos seus anos de mandato.

No tocante ás retribucións do grupo de goberno, sinala que en termos comparativos era moito mais elevada cando gobernaba o Partido Popular, e sinala que de todas maneiras é posible que se practica algún axuste no futuro.

No tocante o incremento de ingresos polas taxas, e a que hai pouco tempo para facerse efectivos, sinala que son perfectamente conscientes de esta circunstancia. Temos prezos publicos e taxas que non se corresponden en absoluto co custo dos servizos que financian, polo que é preciso facer unha actualización dos mesmos.

En canto á participación nos tributos do estado, incluíuse unha contía elevada, pero que é resultado das indagacións e cálculos da equipa de goberno. Independentemente de que non haxa aprobados uns Orzamentos por parte do Estado, dende o Ministerio comunicouse que hai outros mecanismos para facer efectiva esta suba, e que se prevé un récord de ingresos tributarios para este ano 2024. Sinala que o PP votou en contra de que os concellos tiveran unha maior capacidade de gasto, cando os concellos levan anos sendo os “paganinis” da estabilidade fiscal, sendo a unica administracion que tiña que manter un déficit cero.

Finaliza sinalando que se vai a tratar de atender as achegas e recomendacions que se fan dende a intervención municipal. De todo o que dixo sobre o informe de intervención, nos quedamos co que sinala na paxina 9, que é que informa favorablemente a confección dos orzamentos, polo que cumpren cos requisitos legais establecidos para poder aprobarse.

Na súa quenda de réplica, intervén de novo D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal nos seguintes termos:

“Sí, quixera facer algunha puntualización se me permite. Evidentemente sobre a confección, Intervención terá que informar favorablemente, só faltaría que o mesmo documento levará un Informe desfavorable sobre a súa confección, sería o que nos faltaba por ver.



Di vostede que traer un Orzamento no mes de abril que non estea en vigor dende xaneiro, é que : “nin tan mal”. A nos o que nos gustaría é que fora “tan ben” non que foran “tan mal”, comparándose, como é a súa costume, cos concellos veciños e esquecendo que vostede é o Alcalde de Outes, non de Lousame nin de Porto do Son, nin de Muros, nin tampouco de Mazaricos.

En canto ao que dicía sobre a subvención para Protección Civil, xa lle dixemos que nos parecía ben e que é a primeira vez que se lle da unha subvención nominativa, pero eu creo recordar que a Protección Civil sempre se lle axudou en todo o que se puido con recursos do Concello. Sobre o asunto que se dou nos últimos anos referente as regras fiscais, creo que deso sabemos bastante mais que vostedes, porque nos fomos o Goberno que sufrimos os efectos da retención de gastos e vostedes foron o Goberno que gastou o froito do que nos sufrimos.

Con respecto á estabilidade á que o Sr. 1º Tenente Alcalde fixo referencia, tamén na prensa nestes días “estabilidade e normalidade”, eu por normalidade entendo outra cousa que non entende vostede, entendo que normalidade é aterse as normas e para vostede parece que o normal é o que se fai habitual.

Que a estabilidade deste Goberno está garantida, non cabe dúbida, garántese perfectamente por unha poderosísima razón que se da cada final de mes.”

Finaliza a quenda de intervencións o Sr. Alcalde, sinalando que o axuste fiscal que o Partido Popular padeceu foi, precisamente, produto da Lei Montoro, ministro do seu Partido, polo que a quen lle ten que pedir explicacións é o Sr. ex-Ministro do Partido Popular.

Finalizado o debate, **sométese a aprobación o proxecto de Orzamento para o exercicio 2024, resultando aprobado.**

<b>Expediente 157/2024. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 4/2024.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

### **FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 100.353,05€, que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:



- Relación de OPAS X/2023/6 por importe 26.614,07€
- Relación de OPAS X/2023/7 por importe de 1.124,21€
- Relación de OPAS X/2022/19 por importe 3.250,71€
- Relación de OPAS X/2022/20 por importe 3.179,12€
- Relación de OPAS X/2022/21 por importe 3.142,45€
- Relación de OPAS X/2022/23 por importe 4.772,31€
- Relación contable F/2024/12 por importe 58.270,18€

Visto o informe de reparo número 2024-0012, formulado pola Intervención municipal, en data 15/04/2024, no que pon de manifesto a falta de autorización de gasto nas relacións das facturas indicadas.

Vista a proposta de resolución PR/2024/21 de 15 de abril de 2024. Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2022, prorrogadas para o ano 2024, proponse a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas e a beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

**SEGUNDO.** En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

**TERCEIRO.** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 4/2024, por importe total de **100.353,05 €**, que se corresponden coas facturas incluídas nas relacións contables referidas.

**CUARTO.** Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións contables sinaladas no punto anterior.

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde comeza explicando o contido do expediente, sinalando que se refire a facturas que temos que aprobar agora para poder proceder o seu pago, que, ou ben foron rexistradas no Concello en exercicios anteriores, ou ben, como é a maioría, facturas que, correspondendo a servizos prestados no ano 2023, foron presentadas polos provedores no ano 2024.



De seguido, o Sr. Alcalde concede o uso da palabra á Sra. Voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal, quen realiza a seguinte intervención:

“Sr. Alcalde, no pasado Pleno extraordinario e urxente celebrado o día 22 de febreiro, co motivo de aprobar o terceiro REC do ano en curso, vostede recriminouos que sólo sabíamos falar das facturas que estaban a deber. Eu xa sei que a vostedes non lles gusta que se fale deste tema, pero o certo é que non paran de darnos motivos para facelo.

Unha das labores da oposición é fiscalizar as actuacións do Goberno, e iso é o que facemos, aínda que a vostedes lles sería máis cómodo e conveniente que caláramos e non dixéramos nada. Nos debémonos aos veciños e aos seus intereses, e como pensamos que isto é de interés para os outenses, porque son os seus cartos, imos a falar desto cantas veces consideremos necesario.

Analizando a documentación dos 3 RECs anteriores e sumándolle o que se desprende de este, podemos saber que os 430.000€ que nos dixo que estaban pendentes de saldar correspondentes a gastos de antes do ano 24, no eran tales senón que polo menos eran 200.000 € mais e polo que se recolle nos informes económicos que forman parte da documentación do Orzamento 24 que hoxe acaban de aprobar, isto aínda non vai acabar aquí, teremos máis do mesmo en adiante. Con razón non lles gusta que poñamos este asunto de manifesto.

Neste REC vemos que hai facturas do ano 2022, de mediados do ano pasado... en fin.

Sen regularizar gastos de papelería do 22, reparacións de vehículos dende xullo pasado, suministros para obras sen aboar, gastos de combustible dende o ano 22, gastos de publicidade en prensa, etc...

E según as súas manifestacións na prensa, na mesma prensa á que lle deben aínda uns cartiños, todo se debeu a problemas de persoal “houbo cambios e baixas na área de intervención e retrasou moito o pago de facturas, sobre todo no último trimestre do ano”. Paréceme a min que ese trimestre debeu ser o máis longo da historia dos trimestres, e en lugar de durar tres meses debeu de durar anos, os mesmos que levan vostedes retrasando o pago das obrigas. Vai para cinco anos que chegaron vostedes ao goberno e esta circunstancia non foi un problema puntual, foi unha constante nos seus mandatos, no anterior e segue sendo neste. Nada mais e moitas grazas.”

Na súa quenda de réplica, o Sr. Alcalde reconece que, obviamente, a oposición debe facer a súa labor de fiscalización, e non hai nada que obxectar a iso, igual que nos temos que retrucar e contestar. Efectivamente tivemos unha serie de problemas importantes na área de intervención e agora, por sorte, isto estase normalizando. Despois de pagar esto, a debeda cos provedores locais estará practicamente saldada. Aparte das



negociacions que se están mantendo con Naturgy, o resto queda saldado. Fixéronse pagos neste cuatrimestre por mais de 1.700.000 euros, puxemos as contas ó día, e ademais contamos cunha situación financeira solvente. A día de hoxe temos unha débeda con institucións bancarias de 0 euros, se ben temos unha débeda herdada de vostedes con outras institucións de mais de 400.000 euros por dous préstamos do Plan de Aforro e Investimento de Deputación, ue segundo nos comentan pronto deberemos comezar a devolver.

Na súa quenda de réplica, D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal realiza a seguinte intervención: “Eu diría que a explicación que da vostede para xustificar o seu proceder, a min non me parece unha explicación razoable, paréceme mais ben unha explicación conveniente para vostede, eso é todo, non ter porque ser sinónimo unha cousa da outra.”

Intervén novamente o Sr. Alcalde, quen sinala que os argumentos que empregan son tan conveñente e para eles como para o Partido Popular.

Finalizada a quenda de intervencións, **sométese a proposta a votación, resultando aprobada.**

<b>Expediente 724/2023. Nomeamento de Xuiza de Paz Titular.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

**PRIMEIRO.** Tendo presente o feito de que no mes de novembro de 2023 quedou vacante o posto de Xuiz de paz titular do Municipio de Outes.

**SEGUNDO.** Con data 05/02/2024 remitiuse ao Xulgado de Paz de Outes, e con data 06 /02/2024 ao Boletín Oficial da Provincia, o Bando do Sr. Alcalde deste Concello, polo que se abre período de presentación de instancias para cubrir o cargo de Xuíz de Paz titular nesta localidade. Dito Bando foi exposto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 30 de data 9 de febreiro de 2024, no taboleiro de anuncios do Concello, e no propio Xulgado de Paz desde o 9 de febreiro ao 4 de marzo de 2024. Así mesmo, estivo a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

**TERCEIRO.** Presentáronse as seguintes solicitudes, segundo consta no Certificado 2024-0169 emitido pola Secretaría da Corporación:



Núm. Rexistro de Entrada	Data e hora de Entrada	Nome e apelidos
2024-E-RC-909	22/02/2024 12:55	ANGELA LAGO ROMERO
2024-E-RC-1058	01/03/2024 12:01	JOSÉ RAMÓN OUTON GARCÍA
2024-E-RC-106	01/03/2024 12:32	MARÍA LUISA TRONCOSO MARTELO

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- O Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.
- Os artigos 99 a 103 e artigos 389 a 397 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.
- Os artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo á súa aprobación polo Pleno da Corporación. Vista a proposta de resolución PR/2024/15 de 15 de abril de 2024, propónse ó Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.** Designar a D<sup>a</sup> ANGELA LAGO ROMERO, con NIF \*\*\*\*8278J, quen dispón do título de Graduada en Dereito, e de profesión gandeira, como Xuíz de Paz titular do Municipio de Outes.

**SEGUNDO.** Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial, que o elevará á Sala de Goberno tal como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Na quenda de intervencións, o Sr. Alcalde explica que dende o Xulgado fíxose o requirimento de nomeamento da xuiza de paz titular, para o cal abriuse o proceso, anunciando a vacante para que quen estivera interesado puidera optar ao posto. Houbo varias propostas, 3 en total, e finalmente optouse pola persoa que actualmente ocupa como sustituta este mesmo posto, xa que lamentablemente a persoa que ocupaba a praza de titular xa non está.

De seguido, concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen da a noraboa á nomeada, desenxándolle





sorte no desenvolvemento da súa actividade, e indicando que o seu grupo votará a favor da proposta.

Sometida a votación a proposta de Acordo, a mesma resulta **aprobada**.

<b>Expediente 196/2024. Aprobación inicial da Ordenanza Municipal Reguladora do Préstamo de Material Asistencial para persoas con discapacidade do Concello de Outes.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	14/03/2024
Proposta de Ordenanza	14/03/2024
Informe de Secretaría	2024-0148
Anuncio no Portal Web do Concello e no Taboleiro de Anuncios (Publicado do 15/03/2024 ao 15/04/2024).	16/04/2024
Certificado de Secretaría das Opinións Presentadas	2024-0275

Vista a proposta de resolución PR/2024/22 de 17 de abril de 2024. Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Comisión Informativa de Servizos propón ao Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do préstamo de material asistencial para persoas con discapacidade, coa seguinte corrección no seu artigo 4 e Anexo II:

Onde di: “No caso de non dispoñer de datos fiscais, certificado anual dos ingresos percibidos no ano 2021 expedido polo organismo correspondente”.  
Debe dicir: “No caso de non dispoñer de datos fiscais, certificado anual dos ingresos percibidos no último ano fiscal legalmente esixible, expedido polo organismo correspondente”.

Así mesmo, introdúcese a seguinte corrección no artigo 2:  
Onde di: “non supere o 125% do indicador público da renda de efectos múltiples



(IPREM) establecido para este ano 2023”

Debe dicir: “non supere o 125% do último indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM) aprobado”.

**SEGUNDO.** Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días, para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**TERCEIRO.** Facultar ao Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Na quenda de intervencións, fai uso da palabra o Sr. Concelleiro de Servizos Sociais, D. José Antonio Caamaño, quen explica que o proxecto de Ordenanza é unha demanda dos propios técnicos de servizos sociais do noso Concello, a partir das peticións dos veciños e veciñas que queren utilizar este servizo, e dadas as dificultades de moitas familias para adquirilos polos seus propios medios. Tras a adquisición de dito material pola equipa de goberno anterior, era precisa unha Ordenanza que regulase o seu préstamo. Solicita o apoio de todos os grupos municipais para a súa aprobación.

De seguido, concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen, en primeiro lugar, sinala a necesidade de corrixir o texto da Ordenanza, xa que en varios puntos da Ordenanza faise mención ó ano 2021 e ó ano 2023, considerando que é necesaria a súa corrección. Solicita que a referencia ó ano 2021 se modifique pola referencia ó último ano fiscal legalmente esixible, e que a referencia ó IPREM do ano 2023 se modifique pola referencia ó último IPREM aprobado. Solicita igualmente a modificación do punto h) do ANEXO II da Ordenanza, por facer referencia a outra Ordenanza. Todo ilo para dotar a Ordenanza dunha maior funcionalidade, e que así non sexa necesario modificala cada ano. Por outra banda, critica que a compra do material se realizara en decembro do 2022, e a aprobación da Ordenanza esté a tramitarse no mes do abril de 2024.



Intervén novamente Sr. Concelleiro de Servizos Sociais, D. José Antonio Caamaño, quen solicita que pola Secretaría se dé lectura ó tenor literal do Dictame da Comisión Informativa de Servizos, no que xa se recolle a corrección do texto da Ordenanza. Pola Secretaría dase lectura a dito Ditame, indicando que o Acordo do Pleno e o texto da Ordenanza quedarán corrixidos en consecuencia.

Sometida a votación a proposta de Acordo, a mesma resulta **aprobada**.

<b>Expediente 253/2024. Nomeamento de D. Domingo Barreiros Lago como Fillo Predilecto de Outes.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

#### **FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

D. Domingo Barreiros Lago, nado en Louro, Concello de Muros, residiu a maior parte da súa vida no Freixo (Outes), e destacou de maneira extraordinaria pola súa labor académica, cultural e de promoción da música coral en Outes.

Visto que este home desenvolveu case toda a súa vida persoal e profesional como mestre no concello de Outes, dende que no curso 1969-1970 obtivo destino definitivo na Escola Unitaria nº2 de Sabardes-Moa (O Freixo, Outes), despois de 25 anos nese destino pasou a impartir ensino musical no CEIP Emilio de Navasqües do Cruceiro de Roo (Outes) , durante 3 cursos, e a partir do curso 1998-1999 e ata a súa xubilación, impartiu a materia de música no IES Poeta Añón, de Outes; e que, ademais gran parte da súa carreira musical estivo ligada a este municipio, destacando no eido musical como director, músico e compositor de gran renome e éxito, cabe nomear entre os seus méritos que:

- Foi un dos fundadores e integrantes do grupo musical outense “Los Romero” de grande éxito nos anos 60, chegando a gravar varios discos, e que mantivo a súa actividade durante uns 20 anos estando ao cargo (sucesivamente) do baixo, da guitarra e dos teclados;
- Durante case toda a súa carreira de mestre desenvolvida no concello de Outes, dende o curso 1969-1970, mantivo un coro escolar.
- No ano 1976 asume o cargo de director da Coral Liceo de Noia. En 1978 asume tamén a dirección da Coral de Caramiñas
- En 1985 funda a Coral Xuvenil Solpor, con base no Freixo (Outes) e con integrantes dos concellos de Outes e Noia, e no mesmo ano crea a coral Montemar con integrantes de Noia e a Pobra do Caramiñal



- No 1991 funda Coral Francisco Añón do Centro Social de Outes, que dirixiu e promocionou ate fai un ano, e pola que pasaron máis de cen persoas do concello, mantendo un número estable de compoñentes de aproximadamente 40 persoas, na súa maioría persoas xubiladas, e na súa maioría mulleres, creando un espazo social de lecer e aprendizaxe musical único no concello
- No 93 faise cargo da dirección da Coral Don Diego de Muros
- En 1997 asume a dirección da Coral do Clube de Xubilados “Virxe do Carme” de Porto do Son.
- No 1998 ponse ao fronte da Coral de San Xoán de Serres.
- No 2001 funda en Louro a Coral Agustín González.
- No 2002 comenza a dirixir a coral da A.VV “O Peirao” de O Freixo, que dirixe dende a súa fundación até a súa xubilación, momento no que a coral deixa tamén a súa actividade á falta do seu líder
- No ano 2011 funda (dentro da Asociación Faltriqueira de Muros) un grupo de voces graves denominado Orfeón Ría de Muros, que chegou a contar con preto de 45 voces de homes.
- Chegou a dirixir ao mesmo tempo unhas 10 corais.

No 1997 recibiu unha homenaxe como compositor de Habaneras en Ourense. E acadou numerosos premios durante a súa carreira musical:

- “Francisco Vallejos” á Interpretación da Mellor Habanera Típica Cubana no Certame de Polifonía e Habaneras de Torrevieja (Alicante) no ano 1988.
- Premio á Mellor Dirección Coral acadado no mesmo certame en 1999.
- Finalista (coa Coral Liceo de Noia) no I Certame Coral Galego (5 seleccionadas entre preto de 50) no ano 1977.
- 2º Premio no Certame “Liceo de Noia” coa Coral Montemar (ano 1988).
- 3º Premio coa Coral Caramiñas no mesmo Certame (ano 1988).
- 1º Premio “Liceo de Noia” coa Coral Montemar (1989).
- 1º Premio no mesmo Certame coa Coral Caramiñas (1990).
- 1º Premio no Certame “Liceo de Noia” coa Coral Caramiñas (1994).
- 2º Premio no Certame Coral “Vila de Corcubión” no ano 2003 entre un elenco de máis de 12 agrupacións.

Así mesmo, recibiu os seguintes Premios de Composición:

- 1º Premio no Certame Xacobeo de Panxoliñas en 1993 coa Coral Montemar.
- Finalista no Certame Xacobeo de Panxoliñas nos anos 94 e 95 con varios temas interpretados polas corais Montemar, Solpor e Escolma.
- 2º Premio de voces brancas, defendido pola Coral Xuvenil Solpor no Certame de Panxoliñas de Caixavigo no ano 1996.
- 1º Premio de voces mixtas, defendido pola Coral Montemar no mesmo concurso,



no ano 1997.

- 2º Premio voces mixtas no mesmo Certame, interpretado pola Coral Montemar en 1999.
- 2º Premio voces mixtas no Certame de Panxoliñas de Caixavigo, defendido pola Coral Francisco Añón no ano 2000.
- 3º Premio voces mixtas de Composición no mesmo concurso (ano 2000).

Foi tamén finalista no mesmo Certame de Caixavigo nos anos 1997 e 2000 coa Coral Montemar, seleccionada entre as dez mellores corais, sendo máis de cen as corais participantes.

Ten rexistrados na SGAE (Sociedad General de Autores Españoles) máis de 500 títulos entre música lixeira e coral (relixiosa e popular).

Por encargo, compuxo 11 temas obrigados para outros tantos certames e tamén o Himno da Sección Xuvenil de FECOGA (Federación Coral Galega), estreado en Pontevedra na Xuntanza do ano 2001.

Desde 1990 ten feito diversas monografías sobre os/as autores/as aos/ás que se lle adica o Día das Letras Galegas. Monografías sobre as que adoitaba impartir charlas antes dos concertos

Á vista dos seguintes antecedentes obrantes no expediente:

Documento	Data/Núm.
Proposta de nomeamento Fillo Predilecto	12/04/2024
Providencia da Alcaldía	12/04/2024
Informe de Secretaría	2024-0206

Vista a proposta de resolución PR/2024/14 de 15 de abril de 2024, a Comisión de Servizos eleva ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Nomear a D. Domingo Barreiros Lago como Fillo Predilecto do Municipio, pola súa labor académica, cultural e de promoción da música coral en Outes.

**SEGUNDO.** Comunicar o nomeamento ao interesado citándolle para que o día 4 de maio de 2024 acuda á sesión solemne e extraordinaria do Pleno desta Corporación, na que se procederá a entregarlle o nomeamento e a medalla que acreditan o título de Fillo Predilecto do Municipio. Esta sesión celebrarase nun acto público no Salón de Plenos do Concello e coa maior solemnidade posible.

**TERCEIRO.** Inscribir no Libro Rexistro de Honras e Distincións o título concedido para que quede constancia da súa entrega.



Durante a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde comeza apuntando que o obxectivo da proposta é recoñecer a traxectoria e labor desenvolvida por D. Domingo Barreiros Lago no Concello de Outes, a pesar de ser nado en Louro, no Concello de Muros.

Hai moito que dicir sobre a labor académica de D. Domingo, foi mestre durante anos na Academia do Freixo, foron moitos os alumbos que pasaron por ela, e fixo unha gran labor no eido cultural e musical. Foi director de numerosas corais, contribuíu en grupos históricos como Los Romero, un dos grupos máis importantes que saíu do noso Concello, tomando parte na labor de composición dos seus temas.

Esta proposta implica non só aprobar hoxe aquí a mesma, senon que tamén se lle citará para o día 4 de maio para a sesión solemne e extraordinaria deste Pleno para o seu nomeamento efectivo e entrega das distincións e recoñecementos, acto ó que, por suposto, están invitados todos os veciños e veciñas, e, evidentemente, os membros da Corporación municipal.

De seguido, concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen se mostra totalmente de acordo coa proposta, considerando que é unha forma máis que merecida de recoñecemento á labor prestado ó longo de moitos anos aos veciños e veciñas de Outes.

De seguido, concédese o uso da palabra á Sra. Concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D<sup>a</sup> María Soledad Agra Tuñas, quen agradece a presenza de membros da directiva da coral Francisco Añón, que foron os impulsores de que se tomara esta decisión dende a equipa de goberno municipal.

Ademais de todo o currículo nomeado aquí, considera que moi merecido este recoñecemento, máis un día como hoxe, 25 de abril, no que se recuperou a democracia nun pobo como Portugal grazas a unha canción. Os seus méritos son moi relevantes, pero ademais xuntou e deulle un espazo social a moitas persoas maiores, que non dispoñen dun espazo así en outros ámbitos, creando para eles un espazo no que poder xuntarse centos de persoas que atoparon nel un referente, un líder, unha persoa que se xuntaba con eles dúas veces por semana demostrando cariño, comprensión e apoio, e dinamizando socialmente un colectivo que doutra maneira en moitos Concellos está invisibilizado e ten menos posibilidades de participación social. Levou o nome de Outes por moitas partes de España, GZ e Portugal. Por todo isto, cree que é algo que o Concello de Outes debíalle a D. Domingo.



Finalmente, intervén o Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Grupo Municipal do Partido Socialista, quen se congratula da decisión que se vai a levar a cabo de nomear a D. Domingo como Fillo Predilecto de Outes, e móstrase orgulloso por poder recoñecer a súa dedicación a unha persoa do seu calado.

Sometida a proposta a votación, a mesma resulta **aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.**

### Mocións.

Non se presentan mocións para o seu debate no Pleno.

### Rogos e preguntas.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes e no seu nome o voceiro do mesmo Francisco Calo Abelleira, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fai as seguintes PREGUNTAS ao Grupo de Goberno:

**PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira):** O pasado 28 de febreiro de 2023, o concello de Outes solicitoulle á Deputación da Coruña a tramitación dun convenio de colaboración para o cofinanciamento da renovación do céspede artificial do campo de fútbol, do Conchido.

Posteriormente o pasado 17 de marzo de 2023, convocouse pleno extraordinario urxente, para iniciar o expediente 34/2023 relativo a subvencións nominativas, co obxecto de RENOVAR E AMPLIAR O CESPED E DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DO CONCHIDO.

Mais tarde, o pasado 28 de Xullo de 2023 publícase no DOGA número 143, que a Xunta de Galicia mediante procedemento de concorrencia competitiva, concede ao citado proxecto 50.000,00€, que se reparten da seguinte maneira:

- Anualidade ano 2.023: 29.410,00€, a xustificar antes do 31 de outubro de 2.023.
- Anualidade ano 2.024: 20.590,00€, a xustificar antes do 31 de outubro de 2.024.

E fai unhas semanas, o pasado 11 de abril de 2024 no decreto número 2024- 0184, dentro do expediente 34/2023, apróbase o proxecto técnico modificado das obras de: "AMPLIACION E RENOVACION DO CESPED E ARTIFICIAL DO CAMPO DE FUTBOL DE O CONCHIDO" de abril de 2024 que ascende a 270.543,67€ (IVE incluído).



Desde que se iniciou esta mellora tan necesaria xa fai preto dun ano, polo que lle facemos as seguintes preguntas:

- ¿Firmouse xa o convenio coa Deputación de A Coruña, para a mellora desta instalación?, de non ser así, ¿cando será realidade este convenio?
- De estar firmado o convenio, ¿Que previsións teñen para a execución das obras?
- A anualidade da subvención xa concedida pola Xunta de Galicia do ano 2.023, por importe de 29.410,00€, ¿foi debidamente xustificada?, de non ser así, ¿pediuse algunha prórroga ao respecto?, de non ser así, ¿perdeuse o importe da anualidade xa concedido pola Xunta de Galicia para o ano 2.023?
- ¿Poderían explicarnos a que se debe o modificado de proxecto despois dun ano do inicio do expediente?

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** en relación ó convenio, sinala que está aínda sen asinar, basicamente porque houbo que responder unha serie de requirimentos da Deputación da Coruña, e que esta tamén tardou en analizar a documentación e formular ditos requirimentos. Tamen foi necesario solicitar permisos sectoriais, como o de Augas de Galicia, así como dotar crédito cun crédito extraordinario o pasado mes de novembro. Todo ilo impediu a continuidade dos trámites. Neste momento estamos á espera de que a continúe cos trámites administrativos pertinentes.

No tocante á segunda pregunta, como prevision, se finalmente fomos capaces de ter o Convenio en marcha no 2023, solicitouse unha axuda á Secretaría Xeral de Deportes que foi concedida con dúas anualidades. Evidentemente, como non se aprobou o convenio, non foi posible executar a actuación e tampouco xustificar esa subvención. Solicitouse unha prórroga, pero non foi contestada, e dende a Secretaría Xeral requiriuse que se renunciara a axuda para que se puideran destinar a outros proxectos.

En referencia ó modificado do proxecto, sinala que se debe ó requirimento técnico da Deputación, quen en febreiro comunicou que os prezos do proxecto non estaban actualizados á realidade do mercado actual, polo que esixiu a súa modificación. O importe total non varía, nin se vai a ver condicionado o proxecto de forma relevante.

**RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira):** non contestou á pregunta de cando se fará realidade o convenio.

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** A documentación xa se achegou á Deputación, polo que, a menos que haxa algún requirimento, só falta a aprobación polo Pleno da Deputación, e agardamos que sexa antes do verán, para poder executar as obras no propio verán, e intervir o menos posible nos campionatos das distintas categorías do Outes CF. Vaise a tentar pero moitas veces hai limitacións e obstáculos administrativos que non son sinxelos de resolver.





**RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira):**

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** sinala que en ocasións cumprir cos trámites administrativos complica o que todos queremos, e que o cambio do céspede do campo de fútbol era moi necesario. Congratúlase de ter a punto de adxudicar o contrato para o cambio de luminarias das instalacións do campo de fútbol, e de ser o seu goberno quen por fin vai a cambiar o danado céspede artificial.

**PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira):** No pleno do 25 de maio de 2.023, o concelleiro de deportes recoñeceu que a pista de pádel estaba no final da súa útil. Estamos a piques de cumprir un ano desde esa data e a pista de pádel segue sen estar en condicións para o seu uso.

Xa fai meses, o pasado 12 de setembro de 2023 no decreto número 2023-0419, dentro do expediente 548/2023, apróbase memoria valorada, para o cambio de céspede da pista de pádel municipal polo importe de 6.461,40€

E o pasado 18 de abril de 2024 na comisión informativa de contas comunican unha variación na ordenanza que fixa o prezo público do custo do Aluguer da pista de pádel pasando de 4€ a 10€ (1,5 horas) e subindo tamén a media hora adicional de 2€ a 3€.

Polo que lle facemos a seguinte pregunta:

- Teñen algunha previsión de cando van dispoñer do servizo de pista de pádel os veciños de Outes???
- A que se debe a suba no alugueiro da pista de pádel???

**RESPOSTA (D. José Antonio Caamaño):** respecto a primeira pregunta, sinala que podería aventurarse a dicirlle que para a semana que ven, pero vai ser mais cauto, e dicirlle que neste vindeiro mes de maio. Porque se vostede non pasou por ahi, está practicamente lista.

No tocante a segunda pregunta, o artigo 44 do TRLRHL di que o importe dos prezos publicos deba cubrir como minimo o custo do servizo prestado. A día de hoxe non se cubren os gastos cos ingresos que hai, por iso a propia Lei permitenos que non se cumpla esa previsión cando existan razóns sociais, culturais ou de interese publico que así o xustifiquen. En calquera caso, dende a Concellaría de Deportes queremos ter un mantemento efectivo das instalacións municipais, o que conleva un mantemento anual. Ó subir o prezo súbese non só o prezo, pero matiza que os 4 € eran o prezo por 1 hora, e son 6 € pola hora e media. O actual prezo fixouse no ano 2011, polo que entenderá vosedes que os gastos de luz, mantemento e persoal non son os mesmos no ano 2024 que no ano 2011.



**RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira):** Si que pasamos por ahi e vemos que se está a traballar na pista de pádel, e celebramos que por fin tras case 10 meses esta esté a piques de porse en funcionamento. Será casualidade que unha vez que o PP formula a pregunta para presentar a este pleno, se axilicen as obras para rematar a pista de padel. En calqueira caso, celebra esta circunstancia e solicita que teñan a mesma celeridade para esto que para a suba de taxas. Por último, sinala que pensando que se trata dunha pista que estivo cerrada durante mais dun ano para a practica deportiva, tamen podían pensar nunha promoción do deporte, pondo nunhas semanas ou meses unha tarifa acorde, sexa gratuita ou o que corresponda.

**RESPOSTA (D. José Antonio Caamaño Lestón):** Alegrase de que se alegre de que a pista esté case rematada. Non é casualidade que vostede pregunte o mércores, o que é casualidade é que a ordenanza se presente e esté lista este mes, porque el xa contaba con que este mes estaría lista a pista de pádel. É difícil que chame o mércores a noite a unha empresa e que o día seguinte a tivera ahi.

No tema da gratuidade, é unha opción que se pode estudar, pero considera que antes vai a estudar a demanda que ten a pista de padel, pois non sabe si será posible. Se non houbera demanda, tomarase nota da súa proposta.

**PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira):** No pleno ordinario celebrado o 28 de xullo de 2.022, o Grupo Popular fixo unha pregunta respecto a colocación das sinais de “Benvida a Outes” que o señor Alcalde manifestou que estaban aprovisionadas e que a colocación estaba pendente da Autorización solicitada a estradas e turismo.

- ¿En que data foi feita a solicitude desta autorización?
- ¿Foi contestada?

En caso de haber autorizacións:

- ¿Por que están sen colocar e cal e a razón para non colocarlas?

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** A solicitude de autorización a turismo foi cursada o 17 de febreiro de 2023, e foi contestada non unha, senón varias veces, xa que inicialmente dirixiuse ó servizo de Estradas, e foi esta entidade quen indicou que tamén se debía remitir a Turismo, sendo esta última quen denegou a posibilidade de empregar esta sinalización, e por iso están sen colocar.

**RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira):** En qué data foi a consulta a Turismo?

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** a solicitude foi cursada o día 22 de abril de 2022.



**PREGUNTA (D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal):** Entendo que as sinais seguen aprovisionadas nas dependencias municipais, tal e como nos dixo no ano 2022, ¿seguen estando alí?..... a nós gustaríanos saber qué é o que vai pasar agora con esos sinais, porque o certo é que o que sucedeu foi que non souperon moi ben vostedes a onde enviar as solicitudes de autorización e sobre todo que incluíron a colocación dunhas sinais nun Proxecto sen saber antes se era posible colocalas, e non soamente iso, senón que tamén as certificaron, a razón de, ao mellor equivocócome pero creo recordar que eran 3.200 € cada unha, se me permite míroo, teño aquí os datos, eran mais de 7.000€. Non me parece de recibo que se faga un procedemento así e que se deixen tiradas na nave municipal 7.000€ porque non viron se se podían poñer ou non esas sinais e sen saber a quen había que pedir permisos. Paréceme moi pouco razoable.

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** sinala que se fará o posible por que as sinais sexan instaladas cumprindo coa normativa aplicable.

**PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira):** Con respecto as rozas de vías municipais, no anterior mandato”, vostedes publicaban un planing de traballo no facebook do concello. Estamos a piques de entrar no mes de Maio e non vemos publicado ningún deses planing de traballo de rozas.

- ¿Cambiaron o sistema respecto as rozas?
- ¿Pódennos informar como están a levar a cabo estes traballos?

**RESPOSTA (D<sup>a</sup> Alba Quintela Vilariño):** o sistema non mudou, seguimos traballando como ata agora, dende finais de outono e durante os meses de inverno faise a roza nos camiños de monte, e a partires do mes de abril comezase coa roza das pistas asfaltadas.

**PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira):** Observamos de que este ano non se realizaron as podas das árbores situadas en espazos públicos.

- ¿Cal foi a razón pola que non se realizaron as podas das árbores nos espazos públicos?.

**RESPOSTA (D<sup>a</sup> Alba Quintela Vilariño):** hai estudos que afirman que as podas radicais ás que se someten as árbores ornamentais en espazos públicos son moi perxudiciais para estas árbores, e por iso se decidiu non realizalas.

**PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira):** Aínda que é certo que nos meses de inverno tivemos unha climatoloxía que non permitiu facer labores de bacheo. Agora xa levamos



máis de 15 días de bo tempo e seguimos a ver as estradas de titularidade municipal en un estado lamentable. Fai pouco tempo, vostedes manifestaron que sería unha prioridade tan pronto mellorara a climatoloxía. Que non foi unha prioridade está a vista.

- ¿Cando pensan levar a cabo as labores de bacheo nas estradas municipais?

**RESPOSTA (D<sup>a</sup> Alba Quintela Vilaríño):** neste ultimo mes levaronse a cabo 4 xornadas de bacheo nas que se solventou unha pequena parte desta problemática. Continuaranse intercalando estas labores de bacheo co resto de labores propias da Área de Obras e Servizos. Os recursos son limitados e limitantes á hora de levar a cabo as actuacións.

**PREGUNTA (D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal):** Esta é unha pregunta que volve a incidir sobre o Proxecto de Mellora do Césped de do Campo de Fútbol.

Se non entendemos mal, vostede dixo que o proxecto modificado houbera que facelo para cambiar únicamente o orzamento, porque a Deputación lles dixo que tiñan que adaptar os prezos á realidade, dixo que non se cambiara nada mais que iso, e tamén dixo que o importe final seguía a ser o mesmo. Eu creo que a única solución a iso é que houbera recortes no que se recollía no Proxecto en canto ás partidas orixinarias, non sei se estou no certo, así por encima, ou se pasa outra cousa extraordinaria que non poido imaxinar neste momento. Se a suma dos cartos das partidas é a mesma e os conceptos subiron de prezo eso quere didir que se rebaixou o que se iba a facer.

A pregunta é: ¿Recortáronse algunhas partidas respecto ao Proxecto orixinal na renovación do céspede do Campo de Fútbol?

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** indica que se lle dará resposta no vindeiro Pleno ordinario.

**ROGO (D. Francisco Calo Abelleira):** os veciños de Brión de Abaixo, xunto á central, quixeran saber dun cambio que se fixo nos contenedores, sacouse un verde dos grandes e púxose un pequeno no sitio. Os veciños quéixanse de que non é suficiente para a cantidade de lixo que alí se deposita, e, ademais, ó non ter ningunha protección anda solto e incluso chega á estrada AC-550. Os veciños fixeron un apaño provisional atándoo a un arbusto, pero consideran que esa non é unha boa solución.

Por outra banda, os veciños de San Cosme tamén nos trasladaron unha queixa polos contenedores que están xunto á casa de Carballés, xa que lles falta a protección e escapan para a estrada, poñendo incluso en perigo a circulación.

No lugar de Vara, en San Cosme, o contenedor de lixo está sen tapa, o que fai que se desprendan malos olores sobre todo en épocas de calor. Xa llo recordamos, este rogo, en decembro do ano 2023.



Por todo o exposto, rogamoslle que se lle dé solución a estos problemas canto antes.

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** Toma nota do rogo.

**ROGO (D. Francisco Calo Abelleira):** xa que no Pleno ordinario do 27 de agosto do 2020 o BNG nunha moción pedía que se acondicionase no salón de plenos con micrófono. Naquel momento, o Partido Popular votou a favor, posto que lle parece algo necesario. A día de hoxe, como o Salón de Plenos segue nas mesmas condicións, rogamos que se dé cumprimento ó acordado no citado Pleno.

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** Toma nota do rogo.

**ROGO (D. Francisco Calo Abelleira):** veciños de Broña fixéronnos saber que detrás do antigo hostel de Viña do Mar, xusto ó lado da marquesina, hai un posto roto que pode chegar a caer en calquera momento. Ante a preocupación dos veciños e perigosidade que supón a situación para a seguridade tanto de vehículos como de peóns, rogamos que o Concello tome as medidas necesarias para solucionar este problema con carácter de urxencia, está en moi mal estado.

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** matiza que non é titularidade do Concello ese poste, pero que xa se fixo a xestión con Telefónica, que é quen ten que cambialo, en mais dunha ocasión.

**ROGO (D. Francisco Calo Abelleira):** fumos coñecedores dun fatídico accidente no Cruceiro de Roo afundíndose unha acera no momento en que pasaba unha persoa, á que lle desexamos unha pronta recuperación, xa que tivo unha rotura de perna. De cara a evitar posibles circunstancias similares nesa zona, rogámoslle ó Concello que faga unha revisión do estado desas aceras e se comprobe que non existan mais zonas de risco.

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** Toma nota do rogo.

**ROGO (D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal):** O rogo que lle quixera facer ao Sr. Alcalde, é sobre varias cuestións das que falou neste Pleno, concretamente sobre o Campo de Fútbol, decindo que nos nunca lle cambiáramos o céspede e demais cousas que dixo etc...

Nós o que facíamos era o mantemento cando lle tocaba, porque según sabemos por xente vinculada ao campo do Conchido, vostedes en cinco anos nunca llo fixeron. Tamén falou vostede das gradas, é certo que se executaron nada mais entrar vostedes



no Goberno, pero o gasto xa estaba aprobado de antes.

Por eso lle digo que o rogo ven nese senso, que sexa mais riguroso, que non falte á verdade e que non conte verdades a medias como por exemplo decindo que grazas ao noso grupo, no Orzamento tamén figura unha débeda coa Deputación de 400.000€ dun Plan que tiña a Deputación no que lle ofrecía préstamos aos concellos, esquecéndose de contar tamén que ese Plan que efectivamente era un préstamo, pero cun período de carencia de dous anos, a devolver en dez anos e sen xuros. Eso era o PAI, non unha débeda con entidades bancarias.

Por iso lle rogamos que sexa un pouquiño mais riguroso, e que cando faga unha afirmación a faga enteira, non a medias. Nada mais e moitas grazas.

**RESPOSTA (Sr. Alcalde):** Sra. Molinos, con todos os respectos, tamén lle digo, se vostede vai utilizar o turno de rogos final para voltar a temas que xa foron discutidos, e que vostedes tiveron dereito a réplica.

Con todos os respetos, paréceme que non é un proceder adecuado, porque entón eu tamén agora empezaría de novo, e vostede igual tamén quere facer outro rogo despois de xeito oral. Entendo que ó mellor vostede non quedou contenta coa quenda de réplica nesa pregunta, pero sentíndoo moito, vostedes fan unha pregunta, nós contestamos, e vostedes teñen dereito a réplica, cousa que vostedes non permitían cando gobernaban, e nós, evitentemente, pechamos. Non me parece razoable volver a abrir un asunto que pechamos fai cinco minutos.

**RÉPLICA (D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal):** Eu o único que fixen foi facer un rogo no turno de rogos.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 21:44 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

